



**GRUPO MUNICIPAL  
A POBRA DO CARAMIÑAL**

CONCELLO DA POBRA DO  
CARAMIÑAL  
REXISTRO ENTRADA  
2018-E-RC-909  
12/02/2018 13:27



Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa ao respecto ao noso topónimo oficial en internet

### **.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na actualidade Internet supón un espazo fundamental de socialización e ocupa un lugar cada día máis importante na vida das persoas ao ofertar cada vez máis servizos. Internet ofrece acceso a coñecementos, a medios de información de todo tipo, así como a comercio, entretemento e a redes sociais.

Infelizmente en moitas páxinas de uso cotián, e en redes sociais de uso moi popular o topónimo do noso concello aparece deturpado. Parécenos importante intentar mudar estas situacións que imaxinamos moitas veces son froito do descoñecemento da nosa realidade lingüística. Nese sentido o noso concello como institución debería ter unha actitude activa en dar a coñecer e solicitar o respecto ao noso topónimo oficial ás persoas responsábeis desas páxinas e redes.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### **A C O R D O S**

**1.- O goberno municipal contactará cos/as responsábeis de todas as páxinas web e redes sociais nas que se detecte o uso deturpado do noso topónimo e desenvolverá as actuacións necesarias dentro do seu ámbito de actuación para corrixir esa situación e lograr o respecto e uso do noso topónimo correcto e oficial.**

A Pobra do Caramiñal, 11 de febreiro de 2018.

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,  
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.